

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE MARZO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a formación de persoal que realiza actividades hixiénico-sanitarias de mantemento de instalacións susceptibles de propagar a lexionela, de tatuaxe, micropigmentación e piercing, e de centros de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte con 43 federacións deportivas galegas para a realización dos programas de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2018, por importe de tres millóns catrocentos dezasete mil trescentos trece euros (3.417.313 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan anual normativo do 2018.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención á entidade Telefónica de España, S.A.U. por importe de 14.200.000 € ao abeiro da resolución do 11 de xaneiro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o período 2018-2020 (procedemento administrativo PR605A).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2019 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña, asinado o 22 de outubro de 2010, por importe de tres millóns setecentos noventa mil oitocentos noventa e sete euros con setenta e dous céntimos (3.790.897,72€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2019 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, asinado o 3 de decembro de 2010, por importe dun millón trescentos corenta mil cento doce euros con setenta e seis céntimos (1.340.112,76€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de inspección turística da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e balance da actividade inspectora e sancionadora do ano 2017.
- Informe sobre o grao de cumprimento do Plan anual normativo do 2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Plan estatal de vivenda 2018- 2021

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as dúas primeiras edicións do programa de proxectos Industria 4.0 (2016 e 2017).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a situación da tuberculose en Galicia. Programa galego de prevención e control da tuberculose 1996-2016.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación, pola entidade pública Portos de Galicia, das obras de mellora e reforzo do dique e o espigón do porto de Cariño (A Coruña), e un importe estimado de novecentos trinta e cinco mil cincocentos euros (935.500 €), IVE excluído.

SANIDADE CREA UN REXISTRO COMÚN DE ENTIDADES DE FORMACIÓN DE PERSOAL DE CENTROS DE BRONCEADO E TATUAXES

- *Neste rexistro único tamén se incluírán os centros de formación do persoal que realizan actividades de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagar a lexionela*
- *No decreto aprobado hoxe queda unificada a normativa que regula a formación específica destes tres grupos e adáptao á lexislación europea*
- *Tamén se reducen as cargas administrativas para as entidades de formación que, a partir de agora, poderán presentar unha declaración responsable para o inicio da actividade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se creará un rexistro común de entidades de formación hixiénico-sanitaria. Neste rexistro quedarán incluídas todas as entidades que impartan os cursos formativos ao persoal que realiza prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing así como calquera outra práctica de decoración corporal que implique a perforación da pel, mucosas ou tecidos, e do persoal operador de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta. Tamén aquelas entidades de formación do persoal que realiza actividades de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagar a lexionela, que son todas aquelas recollidas no Decreto 865/2003, do 4 de xullo (como torres de refrixeración, sistemas de auga climatizada ou sistemas de rega por aspersion no medio urbano, entre outros).

Este rexistro común disporá da información básica das entidades de formación e servirá como instrumento para a inspección e control das autoridades sanitarias. Así mesmo, permitirá a coordinación no control para que a prestación deses servizos sexa desenvolvida polo persoal cualificado, debidamente formado e sen afectación para a saúde das persoas.

Como novidade, a prestación dunha declaración responsable por parte das entidades de formación permitirá impartir clases desde o día da súa presentación. Así mesmo, o decreto posibilita e facilita a presentación de documentación á administración por vía telemática a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Actualmente hai acreditadas para a formación un total de 81 entidades, das cales 51 son de formación para o persoal que realiza actividades de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagar a lexionelose; 13 son as que forman o persoal que realiza prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing, así como calquera outra práctica de decoración corporal que implique a perforación da pel, mucosas ou tecidos, e 17 para persoal operador de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.

Así mesmo, o decreto exclúe da realización desta formación o persoal que probe estar en posesión dun título universitario, título de formación profesional ou cualificación profesional que acredite a obtención das competencias e coñecementos adecuados para a realización das actuacións hixiénico-sanitarias nos correspondentes ámbitos de actividade.

Marco normativo máis sinxelo e claro

O obxectivo deste decreto é a adaptación á normativa europea e a consecución dun marco normativo sinxelo e claro. Ata o de agora, todas as persoas que traballasen nunha destas tres actividades antes mencionadas debían realizar os cursos homologados ao respecto e detalladas en tres ordes respectivas para cada unha delas.

O actual decreto especifica nos anexos a formación xa establecida na anterior normativa, e recolle nunha soa norma a formación, o que incrementa a seguridade xurídica para a cidadanía e redonda tamén nunha maior accesibilidade. Tamén coordina as distintas unidades administrativas co recoñecemento de certificados das entidades legalmente establecidas noutras comunidades autónomas ou noutros países membros da Unión Europea.

Como novidade establécese que o programa de formación se manterá actualizado na páxina web da consellería competente en materia de sanidade, o que vai permitir unha maior axilidade na incorporación dos avances científicos e técnicos propios de cada sector.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DOS CONVENIOS ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS QUE NESTE 2018 SE VERÁN INCREMENTADOS NUN 7%

- *Tras a aprobación dos convenios de colaboración con 43 federacións deportivas galegas, tamén se asinarán os convenios de colaboración coas restantes 15 federacións*
- *Os 58 convenios terán un importe total de 3.577.086 euros co fin de realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme á Lei do deporte, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade*

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asina con 43 federacións deportivas galegas por importe de 3.417.313 euros. Os convenios de colaboración coas restantes 15 federacións deportivas galegas tamén serán asinados nas vindeiras datas. En total, a Secretaría Xeral para o Deporte asinará 58 convenios de colaboración con cadansúa federación deportiva por un importe global de 3.577.086 euros. A sinatura destes acordos posibilitará o acceso da cidadanía á práctica da actividade deportiva federada levada a cabo polas federacións deportivas como axentes colaboradores para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2018, concretadas no desenvolvemento de programas de fomento e realización de actividades, no ámbito dos seus respectivos deportes e en toda a Comunidade Autónoma. O obxecto dos convenios é regular a colaboración entre as partes asinantes co fin de realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. As transferencias ás 58 federacións deportivas galegas é unha das partidas que máis sobe neste 2018 en comparación co ano pasado, ao pasar de 3.345.216,20 euros aos 3.577.086 euros, rexistrando un aumento do 7%.

Os 3.577.086 euros distribúense tendo en conta criterios obxectivos de cada federación como os gastos de funcionamento, os ingresos declarados nas contas anuais e as subvencións públicas recibidas, a posesión dun local público, propio ou en alugueiro, o número de asociados, o número total de licenzas de deportistas nas categorías base, o número total de licenzas de deportistas do xénero menos representado, o número total de licenzas de deportistas discapacitados, o número de clubs participantes en competicións do calendario oficial da federación, competicións oficiais internacionais, organización de campionatos galegos, número de campionatos de España oficiais organizados, organización de campionatos de España por seleccións autonómicas, organización de competicións oficiais internacionais, deportistas que formen parte da selección española, resultados por competicións oficiais, carácter

olímpico da modalidade deportiva, resultados en campionatos de España de seleccións autonómicas, número de deportistas galegos de alto nivel ou deportistas de alto nivel, actuacións de formación na última tempada, valoración técnica da memoria deportiva de tecnificación e outras actividades de promoción e fomento da modalidade con especial interese nas actividades en idade escolar (onde se inclúen as arbitraxes do Xogade).

Na sesión de hoxe, o Consello da Xunta autorizou os convenios para as federacións deportivas galegas de atletismo, automobilismo, bádminton, baloncesto, balonmán, billar, bolos, boxeo, caza, ciclismo, deporte adaptado, esgrima, fútbol, golf, halterofilia, hípica, judo e deportes asociados, karate e deportes asociados, kickboxing, kung-fu, loita e deportes asociados, montañismo, motociclismo, motonáutica, natación, pádel, patinaxe, piragüismo, remo, rugby, salvamento, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, tiro con arco, tiro olímpico, triatlón e péntatlon moderno, vela, voleibol, xadrez e ximnasia. Os convenios de colaboración coas 15 federacións restantes - actividades subacuáticas, aeronáutica, béisbol e sófbol, chave, colombofilia, colombicultura, deportes inverno, espeleoloxía, esquí náutico, hóckey, orientación, pelota, pesca, petanca e tiro ao voo- serán asinados proximamente.

A sinatura destes convenios inclúese no capítulo IV dos orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte -destinado aos pagamentos á Universidade da Coruña para INEF Galicia, á Fundación Deporte Galego e as partidas destinadas ás transferencias correntes a entidades e federacións deportivas-. Este capítulo conta cun orzamento de 10.920.517, o que supón un incremento do 3,69% respecto á partida consignada para este capítulo en 2017 (10.531.627 euros). No caso das transferencias correntes a entidades e federacións deportivas a Secretaría Xeral para o Deporte conta cun orzamento de 5.867.684 euros, preto dun 2% máis que o consignado en 2017 (5.768.286 euros).

A XUNTA APROBA O SEU PLAN NORMATIVO PARA 2018, QUE PREVÉ O IMPULSO DE 12 LEIS E 125 DISPOSICIÓNS REGULAMENTARIAS

- ***O plan estará dispoñible no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta para o seu coñecemento por parte da cidadanía***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan normativo para 2018, que prevé o impulso dun total de 12 leis, 85 decretos, 39 ordes e 1 resolución. O documento estará á disposición de toda a cidadanía no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, <https://transparencia.xunta.gal>.

No plan de 2018 inclúense tanto as novas iniciativas legislativas para este ano, como aquelas que, estando previstas no anterior exercicio, non foron substanciadas en 2017. Ademais, o plan pode estar suxeito a modificacións, sempre coa debida xustificación. Deste xeito, se ao longo do ano se decide elevar algunha iniciativa legal ou regulamentaria non prevista, deberá xustificarse no seu correspondente expediente a necesidade da súa tramitación.

A Vicepresidencia será a encargada de coordinar o seguimento do cumprimento deste plan, e elaborará a principios do ano seguinte un informe no cal se dará conta do grao de cumprimento.

Precisamente, o Consello da Xunta coñeceu tamén hoxe o informe que dá conta do grao de cumprimento do Plan normativo de 2017, que foi aprobado en maio do pasado ano e que incluía un total de 106 normas novas: 11 leis, 70 decretos e 25 ordes de rango regulamentario.

Segundo figura no informe, das 11 leis previstas, aprobáronse ou se atopan en avanzado estado de tramitación 8. Isto é, o 73% das iniciativas legislativas previstas no plan. Por outra banda, en canto ás 95 disposicións regulamentarias previstas (70 decretos e 25 ordes), foron aprobadas ou están en avanzado estado de tramitación un total de 58, o que se traduce nunha porcentaxe do 61%.

A estas cifras habería que sumar aquelas iniciativas que non estaban inicialmente contidas no plan, pero que foron aprobadas, logo da súa correspondente xustificación. Suman un total de 20: 2 leis, 7 decretos e 11 ordes.

O informe de seguimento tamén estará dispoñible no Portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Coa aprobación do plan para este ano e o informe de seguimento do 2017, o Goberno galego dá un paso máis no compromiso coa máxima transparencia da Administración

pública galega, dando cumprimento aos principios de boa regulación seguridade xurídica e transparencia, no que se refire á planificación normativa, iniciada pola nova lei reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que, anualmente, as Administracións Públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais o regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

O PLAN DE BANDA LARGA DA XUNTA FACILITARÁ O ACCESO Á INTERNET DE 100MBPS A MÁIS DE 74.000 GALEGOS DE 181 CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dunha subvención de 14,2 millóns de euros a Telefónica para o despregamento de redes ultrarrápidas en núcleos de menos de 300 habitantes*
- *Esta actuación é complementaria á que ten en marcha o Estado para dotar de cobertura de alta velocidade a outros 258.000 galegos en 2019*
- *Ademais, o Estado acaba de anunciar o Plan 300x100 para estender fibra óptica ao 100% dos núcleos de poboación en 2021*
- *Este ano un total de 130 parques empresariais e o 100% dos centros educativos públicos de primaria e secundaria terán acceso a velocidades superiores a 100Mbps*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión dunha liña de axudas de 14,2 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a Telefónica de España, S.A. O operador resultou beneficiario da convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, lanzada pola Amtega en xaneiro no marco do Plan de banda larga de Galicia 2020.

Con este investimento público, que subvenciona o 90% dos custos dos despregamentos, Telefónica facilitará o acceso a redes de 100 Mbps a través de fibra óptica a 74.400 veciños de 181 concellos das catro provincias galegas no prazo de dous anos. Esta actuación céntrase en núcleos de menos de 300 habitantes e complementa a que ten en marcha o Estado, que beneficiará outros 258.000 galegos de núcleos de maior tamaño, grazas a un investimento público de 21 millóns de euros de fondos Feder.

Ademais, o Estado acaba de anunciar o Plan 300x100 para estender fibra óptica ao 100% dos núcleos de poboación en 2021 cun investimento de 525 millóns de para o período 2018 – 2021.

Máis do 74% dos galegos con redes ultrarrápidas en 2020

As actuacións en marcha da Xunta e o Estado posibilitarán que no 2020 máis de 332.000 galegos que hoxe viven nas zonas brancas de 258 concellos, teñan acceso a redes ultrarrápidas. Así, en dous anos, máis do 74% do galegos poderán acceder a internet de alta velocidade.

Esta porcentaxe incrementaranse con novas convocatorias anunciadas polo Estado. O Consello de Ministros de mañá venres 23 de marzo, ten previsto aprobar a de 2018 cun importe de 150 millóns de euros para toda España.

Máis de 100Mbps en polígonos e centros educativos públicos

A subvención aprobada hoxe é a terceira liña de actuación do Plan de banda larga da Xunta, que se suma á de polígonos e á de axudas á empresas illadas do rural.

En colaboración con R, beneficiario doutra liña de axudas de 3,4 millóns de euros cofinanciados co Feder, a Xunta completará este ano a conexión de 81 polígonos industriais a redes de ata 350Mbps, que sumados aos que xa contan con redes ultrarrápidas serán un total de 130 superficies empresariais.

Ademais, máis de 30 empresas de zonas illadas das catro provincias puideron conectarse a rede de entre 50 e 350Mbps grazas á outra liña de axudas do plan con case 400.000 euros tamén cofinanciados con Feader.

E en colaboración co Estado estase a desenvolver a iniciativa 'Escolas conectadas', cuxo adxudicatario, Orange, está a completar os traballos para dotar máis de 800 centros educativos públicos con redes de máis de 100Mbps. Unha vez rematada esta actuación, nos vindeiros meses, o 100% dos centros públicos de primaria e secundaria terán acceso a redes ultrarrápidas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 3,8 MILLÓNS DE EUROS PARA PRORROGAR O PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2019

- *Este acordo garante a continuidade, un ano máis, do plan social que en 2017 rexistrou 6,2 millóns de viaxes en autobús na comarca da Coruña e 14,3 millóns en toda Galicia*
- *O Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e financia o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *O uso da tarxeta de Transporte Metropolitano permite aforros de ata o 70% nos desprazamentos, chegando aos 900 euros ano ano*
- *Os 17 concellos que integran a Área de transporte metropolitano achegarán en conxunto os 640.000 euros restantes para completar o financiamento do programa*
- *Ademais deste programa, preto de 13.500 menores de 19 anos desta área de transporte se beneficiaron das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta 'Xente Nova' que financia a Xunta*
- *A Administración autonómica continúa a traballar para mellorar o transporte público na comarca da Coruña e xa puxo en marcha as dúas primeiras fases do plan de entrada dos autobuses no centro da cidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de case 3,8 millóns de euros para prorrogar durante o ano 2019 o Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área da Coruña. Grazas a este acordo garántese a continuidade un ano máis dun plan social que supón importantes aforros económicos para os usuarios e segue a senda do fomento do transporte público por parte do Goberno galego.

O Plan de transporte metropolitano da Coruña rexistrou o pasado ano máis de 6,2 millón de viaxes en autobús na comarca a través do seu sistema de billete único e da coordinación entre o transporte interurbano e o autobús urbano.

A través do Plan de transporte metropolitano, o Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e sufraga o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos para os usuarios. Os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes interurbanas.

Así mesmo, a Xunta financia o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso de entre o 20% e o 50% en función da categoría. Existen, ademais, bonificacións adicionais aos estudantes da Universidade da Coruña.

Desa forma, o uso da tarxeta de Transporte Metropolitano permite aforros de ata o 70% nos desprazamentos, chegando aos 900 euros ano ano.

A área de transporte metropolitano da Coruña está integrada por un total de 17 concellos: A Coruña, A Laracha, Arteixo, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carballo, Cambre, Carral, Cerceda, Curtis, Culleredo, Miño, Ordes, Oleiros, Oza-Cesuras e Sada. Estes concellos achegarán en 2019 os 640.000 euros restantes para completar o financiamento do plan.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o pasado ano máis de 14,3 millóns de viaxes, que supón un incremento de case o 3% con respecto ao ano anterior.

Tarxeta *Xente Nova*

No marco do Plan de transporte metropolitano, máis de 42.000 mozos menores de 19 anos viaxan gratis no autobús interurbano grazas á Tarxeta *Xente Nova*, implantada en agosto de 2016 polo Goberno galego.

En concreto, na área de transporte metropolitano da Coruña distribuíronse preto de 13.500 desde a súa posta en marcha.

Con este programa búscase facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

A Xunta continúa traballando por mellorar o funcionamento do transporte público na área da Coruña e con ese obxectivo están implantadas as fases 1 e 2 do Plan de acceso dos autobuses interurbanos ao centro da Coruña. Nos catro meses que leva en marcha, esta iniciativa vén funcionando con éxito, acurtando os tempos de viaxe e reducindo a necesidade de realizar transbordos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA PRORROGAR O PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE SANTIAGO DURANTE O ANO 2019

- *Este acordo permite darlle continuidade un ano máis a un plan social que en 2017 rexistrou máis de 2,7 millóns de viaxes en autobús na área da Santiago e máis de 14,3 millóns de desprazamentos en toda Galicia*
- *A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *O uso da tarxeta de Transporte Metropolitano permite aforros de ata o 70% nos desprazamentos, chegando aos 900 euros ano ano*
- *Os 18 concellos que forman parte desta área achegarán, en conxunto, os 282.000 euros que completan o financiamento do plan*
- *Ademais, preto de 7.500 menores de 19 anos desta área de transporte se ven beneficiados pola viaxes interurbanas gratuítas co uso da tarxeta 'Xente Nova'*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a proposta de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2019 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago. Grazas a este acordo garántese a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios e segue a senda do fomento do transporte público por parte do Goberno galego.

O Executivo autonómico achegará na área compostelá máis de 1,3 millóns de euros para manter en funcionamento en 2019 o Plan de transporte metropolitano de Santiago, que no pasado exercicio rexistrou máis de 2,7 millóns de viaxes en autobús, a través dun sistema de billete único e da coordinación entre o transporte interurbano e o autobús urbano.

A través do Plan de transporte metropolitano, o Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos para os usuarios. Os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes interurbanas.

Así mesmo, a Xunta financia o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso de entre o 20% e o 50% en función da categoría.

Desa forma, o uso da tarxeta de Transporte Metropolitano permite aforros de ata o 70% nos desprazamentos, chegando aos 900 euros ano ano.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o pasado ano máis de 14,3 millóns de viaxes, que supón un incremento de case o 3% con respecto ao ano anterior.

A área de transporte metropolitano de Santiago está integrada por un total de 18 concellos: A Baña, A Estrada, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Ordes, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Estes municipios achegarán, en conxunto, os 282.000 euros que completan o financiamento do plan de transporte en 2019.

Tarxeta *Xente Nova*

Actualmente, máis de 42.000 mozos menores de 19 anos viaxan gratis grazas á Tarxeta *Xente Nova*, implantada o ano pasado e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100% do custo ata os 18 anos, unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano.

En concreto, na área de transporte metropolitana de Santiago distribuíronse preto de 7.500.

O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

O PLAN DE INSPECCIÓN TURÍSTICA CONTRIBUIRÁ A CONSOLIDAR GALICIA COMO UN DESTINO DE CALIDADE E RESPONSABLE

- *O Consello da Xunta informou hoxe das liñas de acción e as novidades que guiarán a actividade inspectora do Goberno ao longo deste ano*
- *O principal obxectivo é controlar a intrusión profesional en distintos eidos, protexendo tanto os usuarios como os empresarios do sector*
- *Farase un especial seguimento no Camiño de Santiago e das novas ofertas de aloxamento que se comercializan en plataformas en liña*
- *O plan abrangue as catro provincias e focaliza en áreas como as sete grandes cidades, zonas costeiras, Ribeira Sacra e comarcas do interior*

O Consello da Xunta informou hoxe do Plan de inspección turística de Galicia para 2018, un documento que contribuirá a consolidar a Comunidade como un destino de calidade e responsable. Esta planificación, que guiará a actividade inspectora do Goberno autonómico ata finais deste ano, permitirá obter unha mellora da eficacia e da eficiencia na disciplina turística, así como controlar a intrusión profesional, protexendo tanto os usuarios como os empresarios.

O labor inspector, que se desenvolverá con especial intensidade a partir de Semana Santa, abrangue as catro provincias e focaliza en diversas áreas de especial interese: o Camiño de Santiago, as sete grandes cidades, as zonas costeiras, a Ribeira Sacra e comarcas e concellos turísticos do interior.

Farase un especial seguimento no Camiño de Santiago co fin de verificar o cumprimento da normativa turística galega en establecementos de aloxamento turístico, así como nos de restauración. Tamén se levará a cabo unha particular comprobación da oferta aloxativa que se comercializa a través da internet.

No eido concreto da intrusión profesional, prevense varias accións que dan continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos anos, con varias novidades. Así, vixiaranse os servizos ofertados polos albergues turísticos e, ademais, en relación cos apartamentos e as vivendas turísticas, comprobarase que o seu período de funcionamento é coincidente co que figura no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT). No referido ás vivendas de uso turístico, ordenadas desde maio do pasado ano a través dun novo decreto, comezarán a controlarse as plataformas de comercialización de aloxamentos turísticos na internet, a fin de detectar posibles situacións da intrusión, ao igual que coa actividade dos guías turísticos nos centros de maior afluencia.

Por último, impulsárase unha campaña especial dirixida ás axencias de viaxes para o seguimento do novo sistema de garantías introducido a través do recente Decreto 25/2018, que adecúa a nosa situación ao marco comunitario.

Balance da actividade en 2017

En paralelo ao Plan de inspección turística para 2018, deuse conta do balance da actividade desenvolvida en 2017 pola Área de Inspección de Turismo de Galicia. Nela, conséntase a prevalencia da función asesora e preventiva fronte á estritamente controladora ou disciplinaria, unha tendencia progresiva que se vén observando nos últimos anos. Así o proba o feito de que se emitisen 3.568 actas de constancia, tras realizar unha visita, fronte a 146 actas de infracción.

Este labor tamén inclúe a realización de máis de 2.700 informes. Entre eles, figuran informes técnicos para orientar os promotores no adecuado exercicio das súas actuacións, con carácter previo ou unha vez que resultan iniciadas co fin de modificálas se fora necesario; informes de subvencións, que contribúen a garantir unha adecuada utilización dos fondos públicos na promoción e fomento do sector turístico, conseguindo unha seguridade e garantía de calidade; e, finalmente, informes de denuncia, cunha presenza menor, que se vinculan a reclamacións de particulares. Estes últimos teñen por obxecto acadar algún punto concreto e darlle un carácter complementario ás actas de infracción.

No que respecta á actividade sancionadora, incoáronse 404 expedientes e resolvéronse 348, que derivaron en sancións na maior parte dos casos.

Froitos da Estratexia 2020

O Plan de inspección turística da Comunidade Autónoma de 2018 presentado hoxe alíñase cos obxectivos da Estratexia do turismo de Galicia 2020, deseñada hai un ano en diálogo co sector turístico e escoitando as achegas das tres universidades galegas, de diferentes especialistas e da sociedade.

Esta estratexia está a consolidar a nosa Comunidade como destino referente en boas prácticas, un destino responsable que sabe crecer de xeito sostido en todas as variables e que aposta pola calidade decididamente. Así, está a acadar os seus obxectivos de crecemento, de desestacionalización da demanda e de diversificación de fluxos, baixo criterios de sustentabilidade e de excelencia, contribuindo ao desenvolvemento e benestar dos galegos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA EN GALICIA, CO OBXECTIVO DE BENEFICIAR A MÁIS DE 18.700 FAMILIAS E CONTRIBUÍR A XERAR PRETO DE 11.000 EMPREGOS

- *O Goberno galego achegará o cofinanciamento necesario para aproveitar ao máximo unha planificación de mercado carácter social, elevando ata os 107 millóns de euros para axudas á vivenda entre 2018 e 2021*
- *Coa achega da Xunta incrementarase en máis dun 60% o volume das axudas con respecto ao plan anterior, prevéndose unha axuda de*
- *A Xunta convocará no mes de maio as primeiras ordes de axuda previstas neste plan, que concorda cos obxectivos de impulsar a rehabilitación, o alugueiro e a loita contra os desafiuzamentos, con especial atención á dinamización do rural, aos novos e aos maiores*
- *O 60% dos fondos destinaranse a avanzar na rehabilitación e na rexeneración urbana, o 30% ao fomento do alugueiro e o 10% a programas específicos de apoio aos mozos*
- *Os menores de 35 anos terán axudas ao alugueiro, á compra de vivendas no rural e un suplemento adicional do 25% nas axudas á rehabilitación en concellos de menos de 5.000 habitantes*
- *O conxunto de actuacións previstas suporá un investimento inducido de 150 millóns de euros, que sumados á dotación pública supoñen un gasto de 257 millóns de euros en vivenda*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a distribución das axudas previstas polo Plan estatal de vivenda 2018-2021 para Galicia, co que se busca beneficiar a máis de 18.000 familias e contribuír a xerar preto de 11.000 postos de traballo. Esas son as previsións establecidas no informe que hoxe analizou o Goberno galego, que recolle, ademais, o compromiso autonómico de achegar o cofinanciamento necesario para garantir o máximo aproveitamento dunha planificación de subvencións en materia de vivenda que se caracteriza polo seu mercado carácter social.

O Plan estatal de vivenda 2018-2021 concorda cos obxectivos marcados polo Goberno galego nesta materia prioritaria, isto é, fomentar a rehabilitación e a rexeneración urbana, incentivar o alugueiro, reforzar a loita contra os desafiuzamentos e contribuír á dinamización do medio rural, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades, como os mozos os e os maiores.

Tendo en conta iso, a Xunta considera que esta programación constitúe unha gran oportunidade para avanzar cara a eses obxectivos e por iso achegará o 23% de cofinanciamento establecido como necesario para acceder á totalidade dos fondos consignados para Galicia polo Plan estatal de vivenda. Así, os 82 millóns de euros estatais que esa planificación reserva para a nosa Comunidade elevaranse ata os 107

millóns de euros ao sumarse o orzamentos autonómico, o que representa un incremento de máis do 60% das axudas do anterior Plan estatal de vivenda.

O Plan estatal de vivenda, de acordo coas liñas de actuación estratéxicas marcadas, recolle oito programas de axuda, ademais da subsidiación de axudas de xuros de préstamos, que xestiona directamente o Estado.

-Programas de fomento do alugamento:

- Programa de axuda ao alugueiro de vivendas.
- Programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual.
- Programa de fomento do parque de vivendas en alugamento durante un prazo mínimo de 25 anos (antes eran 50 anos).
- Programa de fomento de vivenda en alugamento con servizos comúns adaptados, para persoas maiores de 65 anos e con discapacidade.

-Programa de axuda aos mozos, con dúas modalidades:

- Axuda aos mozos (menores de 35 anos) para adquisición de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes. A axuda é de 10.800 euros e cun límite do 20% do prezo de adquisición
- Axuda aos mozos (menores de 35 anos) para o acceso a unha vivenda en alugamento.

-Programa de rehabilitación de edificios e vivendas:

- Programa de fomento da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivenda.
- Programa de fomento da conservación, mellora da seguridade da utilización e da accesibilidade.
- Programa de rexeneración e renovación urbanas, aplicables a edificacións colectivas ou vivendas illadas. Este programa xestionarase a través das áreas de rehabilitación e das áreas Rexurbe que declare a Xunta de Galicia.

Consonte a distribución das axudas acordada hoxe polo Consello da Xunta, O 60% dos fondos destinaranse en Galicia a avanzar na rehabilitación e na rexeneración urbana, o 30% ao fomento do alugueiro e o 10% a programas específicos de apoio aos mozos.

Actuacións	Contía	
Programas de alugueiro	32.072.600 €	30%
Mozos (alugamento e adquisición)	10.574.400 €	10%
Rehabilitación	64.279.300 €	60%
Total	106.926.300 €	

Para cada programa, estímase o número de actuacións que poderán financiarse conforme o recollido na seguinte táboa:

Programa	Total	Axudas	Axudas totais
Axuda ao alugamento de vivenda	19.842.800	8.267,83	8.267,83
Axuda ás persoas en situación de desafiuzamento	1.665.000	346,88	1.040,63
Fomento do parque de vivendas en alugamento	5.778.400	183,44	218,00
Mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas	11.120.000	1.390,00	1.390,00
Fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e a accesibilidade en vivendas	15.744.300	2.624,05	2.624,05
Fomento da rexeneración e renovación urbana e rural	37.415.000	2.494,33	2.494,33
Axuda aos mozos	10.574.400 6 M€ compra. 4,6 M€ alugamento	2.505 600 compra. 1.905 alugamento.	2.505,00

Cómpre ter en conta que os mozos, ademais das axudas específicas para adquisición de vivendas en localidades de menos de 5.000 habitantes e de axudas ao alugamento, teñen tamén un suplemento dun 25% nas axudas á rehabilitación tamén en concellos pequenos.

Tendo en conta o importante impacto da rehabilitación na actividade económica, prevese que o conxunto de actuacións previstas polo Plan estatal de vivenda en Galicia suporá un investimento inducido de 150 millóns de euros, que sumados á dotación pública supoñen un gasto de 257 millóns de euros en vivenda. Ademais, prevese fomentar a creación de case 11.000 postos de traballo.

Para implantar o Plan de vivenda en Galicia, requírese a subscripción dun convenio de colaboración para a execución do plan entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, cuxos trámites xa foron iniciados, polo que se estima que se poida asinar o vindeiro mes de abril.

A continuación, o Goberno galego comezará a convocar as primeiras ordes de axuda para poñer en marcha os diferentes programas previstos no plan estatal a partir do vindeiro mes de maio.

A XUNTA APOIA 66 INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE INDUSTRIA 4.0 NAS CALES PARTICIPAN PEMES E CLUSTERS E QUE MOBILIZAN 15M€

- *Os proxectos realizados ou en desenvolvemento das dúas primeiras edicións contan con axudas da Administración galega por valor de 5,3 millóns de euros para impulsar a competitividade das empresas*
- *As empresas beneficiarias, que nun 63% son exportadoras, suman 2360 empregados e unha facturación que supera os 434 M€ anuais*
- *Os sectores da automoción, madeira, agroalimentario, metalmecánico, aeronáutico e naval, impulsados polos respectivos clústers, son os que están a actuar como locomotoras da fábrica intelixente en Galicia*
- *As tecnoloxías máis empregadas nos proxectos apoiados son as relacionadas coa automatización e a intercomunicación entre máquinas, seguidas das vinculadas á sensórica e a dixitalización de procesos*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará, no segundo semestre deste ano, a terceira convocatoria das axudas para investimentos no ámbito 4.0*

A Xunta de Galicia destinou nos dous últimos anos preto de 5,3 millóns de euros para impulsar 66 iniciativas empresariais no ámbito 4.0, mediante proxectos demostrativos de pemes coordinados polos clusters sectoriais da automoción, madeira, agroalimentario, metalmecánico, aeronáutico e naval. Os proxectos xa realizados, correspondentes á primeira convocatoria desta liña de axudas, xunto cos que están actualmente en desenvolvemento, mobilizan preto de 15 millóns de euros en investimentos altamente tecnolóxicos para impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas.

Os sectores da automoción, madeira, agroalimentario, metalmecánico, aeronáutico e naval, impulsados polos respectivos clusters, son, deste xeito, os que están a actuar como locomotoras da industria 4.0 en Galicia. Ademais, os proxectos demostrativos desenvolvidos neste marco servirán de exemplo a seguir tanto por outras empresas destes sectores estratéxicos para a economía de Galicia como doutros ámbitos para avanzar na mellora competitiva do tecido industrial galego.

As tecnoloxías 4.0 máis empregadas nos proxectos apoiados son as relacionadas coa automatización e a intercomunicación entre máquinas, seguidas das vinculadas á sensórica, á dixitalización de procesos, á personalización dos produtos, á loxística 4.0 ou á internet das cousas.

As tecnoloxías polas que se decantan máis empresas con proxectos aprobados na convocatoria de 2017, agora en desenvolvemento, son as centradas na automatización e dixitalización de procesos, seguidas da sensórica e a intercomunicación entre máquinas; a continuación sitúanse a conectividade e a personalización de produtos; salienta igualmente

o modelado e simulación de procesos, que pasa de estar presente en cinco empresas en 2016 a 11 na edición de 2017.

As pemes beneficiarias das axudas para investimentos 4.0, que nun 63% son exportadoras, suman 2360 empregados e unha facturación que supera os 434 millóns de euros. Os resultados acadados polo de agora revelan a aposta clara das compañías polos investimentos 4.0 como vía para crecer e incrementar o seu potencial competitivo. Así, seis das empresas con proxectos aprobados na convocatoria de 2016 impulsaron novos investimentos neste ámbito en 2017: trátase de tres compañías do sector da automoción, pioneiro na incorporación de procesos innovadores, dúas de transformación da madeira, e unha do ámbito metalmeccánico.

Os resultados das dúas primeiras edicións desta liña específica de apoio á transformación do tecido produtivo poñen de manifesto o compromiso continuado de sectores como a automoción, a madeira, a agroalimentación, o metalmeccánico e o aeronáutico cos investimentos no eido 4.0. A Xunta dará este ano un novo impulso a este tipo de proxectos coa activación, no segundo semestre, da terceira convocatoria das axudas para investimentos no ámbito 4.0.

Axenda 4.0

Por outra banda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén prevé dar un pulo á modernización do tecido produtivo coas primeiras convocatorias para favorecer os investimentos en materia de dixitalización empresarial que xa están activadas, cunha dotación de 5 millóns de euros e 130 solicitudes recibidas polo de agora.

A Xunta mantén deste xeito o seu compromiso co desenvolvemento da Axenda Industria 4.0, que se aprobou en 2015 co obxectivo de impulsar a transformación do tecido produtivo galego. O primeiro plan bienal para o desenvolvemento da Axenda (2015/2016), serviu para impulsar accións por 143 millóns de euros, acadando unha mobilización público-privada de 342 mediante accións que beneficiaron a 4200 empresas. A Xunta de Galicia destinará máis de 175 millóns de euros ás accións previstas no actual plan bienal da Axenda da 4.0 (anos 2017-2018).

Para avanzar no desenvolvemento da Axenda, a Xunta presentou o estudo *Oportunidades Industria 4.0 en Galicia* para coñecer en profundidade a situación dos principais sectores estratéxicos e as mellores opcións para mellorar. En concreto analiza dez sectores e conclúe que a xestión masiva de datos é a tecnoloxía 4.0 na que primeiro estiman investir as empresas para gañar en competitividade, seguida da simulación e modelización de procesos, robotización e interacción persoa-máquina.

A TUBERCULOSE REXISTRA EN GALICIA UN DESCENSO DO 71,3% DESDE 1996 ATA 2016

- *Son datos presentados hoxe no último informe da enfermidade en Galicia*
- *O obxectivo é reforzar esta tendencia descendente para manter unhas cifras por debaixo de 20 casos por 100.000 habitantes*
- *Galicia xa é considerada como unha Comunidade con baixa incidencia de tuberculose polo que o obxectivo é incidir tamén na prevención de novos afectados, entre outras estratexias*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou no Consello da Xunta o *Informe da tuberculose en Galicia. Características dos casos de tuberculose de Galicia no ano 2016* con motivo da celebración o próximo sábado 24 de marzo do Día Mundial da Tuberculose. Desde a posta en marcha do primeiro Programa galego de prevención e control da tuberculose (TB), no ano 1996, a incidencia na nosa Comunidade descendeu de forma progresiva e constante, así o informe reflicte que no período 1996-2016 a diminución por termo medio anual foi do -6,0 %, pasando de 1.962 casos novos en 1996 a 563 en 2016, o que supón un descenso do 71,3%.

Galicia xa é considerada como unha comunidade con baixa incidencia de tuberculose, e o obxectivo da Consellería de Sanidade é reforzar esta tendencia descendente e conseguir unha diminución da incidencia do 25% no ano 2020 con respecto á do 2015, para manter unhas cifras por debaixo de 20 casos por 100.000 habitantes, que se consideran xa propias de sociedades na senda da eliminación da enfermidade e no marco da actual estratexia Fin á tuberculose da OMS.

A evolución da enfermidade é moi satisfactoria e a maior parte dos indicadores para o manexo dos casos e infectados amosaron unha melloría. Para asegurar que continúe, o Plan 2017-2020 pon o acento nas seguintes estratexias: diminuír o atraso diagnóstico, realizar unha avaliación social de todos os pacientes, mellorar o diagnóstico microbiolóxico, potenciar os estudos de contactos e de infección tuberculosa e seguir asegurando un bo manexo dos casos e o seu tratamento.

Estes resultados acadados reflicten un programa ben estruturado, cun sistema epidemiolóxico de vixilancia específico así como un traballo e esforzo de coordinación dos profesionais da sanidade galega, en especial dos equipos das sete unidades de tuberculose (UTB) de Galicia (integradas por persoal médico, de enfermaría e de traballo social), dos microbiólogos e do Laboratorio de referencia de microbacterias de Galicia.

Incidencia na nosa Comunidade

No 2016, o 55,9% casos recibiron un tratamento supervisado. Así mesmo, certificouse a curación do 88,5 % dos casos que iniciaron tratamento no ano 2015 e o 81,9 % dos casos de tuberculose respiratoria confirmada. Faleceron por tuberculose o 2,1 % dos casos deste ano. Excluindo as mortes por outras causas o resultado satisfactorio do tratamento foi do 94,2 %.

Segundo a avaliación por resultados, o cumprimento dos tratamentos da infección tuberculosa instaurados no ano 2015 por estudo de contactos foi o 87,7 %, e o 81,5 % por cribados.

A incidencia de tuberculose bacilífera pasou de 28 casos a 6 por 100.000 habitantes neste período 1996-2016. O nivel de resistencias moi baixo: o 86 % de todas as cepas resultaron sensibles aos fármacos de 1ª liña e só o 0,3 % eran multirresistentes (a forma máis grave de tuberculose).

Outros datos da enfermidade

A tuberculose é un problema de saúde pública (non só un problema individual), dado que se trata dunha enfermidade contaxiosa por vía aérea e un enfermo sen tratar implica risco de transmisión da tuberculose ao resto da comunidade, polo que o obxectivo é realizar o diagnóstico o máis rápido posible e poñer a todos os enfermos baixo tratamento para reducir o risco.

En paralelo, é preciso vixiar a todas as persoas que estiveron en contacto cun caso de tuberculose contaxiosa e tratar aqueles que están infectados, para evitar que desenvolvan a enfermidade nun futuro.

A tuberculose, é unha enfermidade causada polo *Mycobacterium tuberculosis*, bacilo que se propaga dunha persoa a outra a través do aire. Xeralmente afecta os pulmóns, pero tamén pode atacar outras partes do corpo, como os ganglios linfáticos, o cerebro, os riles, a columna vertebral, etc.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 900.000 EUROS Á REPARACIÓN DOS DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL EVI NO PEIRAO DE CARIÑO

- ***A Consellería do Mar deu conta ao Consello da Xunta da declaración de obra de emerxencia dos traballos, xa en execución***
- ***As obras no porto de Cariño consisten na reparación e o reforzo do dique e de coeiras de pedra natural e tamén inclúen a reposición dos elementos metálicos, defensas e pezas de pavimento danadas***

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, destina máis de 900.000 euros ás obras de reparación dos danos ocasionados no peirao coruñés de Cariño polo temporal Evi, que afectou a costa galega os días 17 e 18 de xaneiro. A Consellería do Mar deu conta esta mañá ao Consello da Xunta da declaración de obra de emerxencia dos traballos, que se atopan xa en execución dada a importancia de repoñer a operatividade e seguridade no porto de xeito urxente.

O temporal Evi provocou en Cariño o derrubamento dunha zona de máis de 20 metros do dique de abrigo do porto. Ademais, desprazáronse boa parte dos bloques que integran a coeira deixando exposto o espigón. Tamén se produciron danos no pavimento e elementos metálicos e quedaron inutilizadas varias defensas de rosario.

A situación xerada coa falta dun tramo significativo de espigón, a existencia dos restos do espigón caído sobre o propio dique no extremo do peirao comercial, así como a falta dunha cantidade importante de coeira no dique, onde esta estrutura é máis sensible, facían necesaria a reparación dos danos o antes posible.

Os obxectivos desta reparación son salvagardar a integridade do dique e evitar posibles problemas coa seguridade da operatividade portuaria e do persoal que traballa no porto de Cariño, un peirao que move anualmente máis de 500.000 toneladas anuais de minerais.

Neste contexto, a Consellería do Mar declarou obra de emerxencia estes traballos, que deron comezo xa a finais do mes de febreiro e que se prevé que finalicen a finais do mes de xullo. As obras consisten na reparación e o reforzo do dique mediante bloques de formigón de garda de 30 toneladas e 45 toneladas, así como de coeiras de pedra natural de 12 toneladas e 15 toneladas, colocados por medio de guindastre e a reconstrución do espigón do dique. Tamén inclúen a reposición dos elementos metálicos, defensas e pezas de pavimento danadas.

Outros danos

Ademais dos danos no peirao de Cariño, o temporal Evi deixou danos menores noutros dez portos autonómicos das provincias de Lugo e Pontevedra, que son: Rinlo, Foz,

Burela, Celeiro, Barallobre, Suevos, Malpica, Corme, Arou e Muros. O importe destes danos é de 70.000 euros e xa se atopan arranxados na súa totalidade.

Aos danos do Evi, sumáronse na fin de semana do 10 de marzo os ocasionados pola borrasca Félix. Esta deixou incidencias nun total de 24 portos. Na zona norte, costa cantábrica, víronse afectados os peiraos de Ribadeo, Rinlo, Foz, Burela, Celeiro, O Vicedo e Cariño. Na Zona Centro, provincia da Coruña, Laxe, Camariñas, Corcubión, Portosín, Aguiño, Cabo de Cruz e Rianxo. Finalmente, a zona sur, a provincia de Pontevedra foi a máis afectada, con danos en Tragove, O Xufre, O Grove, Pedras Negras, Portonovo, Campelo, Bueu, Cangas, Santa Cristina de Cobres e A Guarda.

Ata o momento, os danos inventariados son de envergadura menor, aínda que se trata dunha valoración provisional dadas as condicións meteorolóxicas adversas ata agora, que non permitiron inspeccións en profundidade. Con carácter provisional, estes danos sumarían un importe de 55.000 euros e estanse tramitando as obras para a súa reparación.